



CINE
CONCERTOS



11.02.17 | 21:00 h

PEGASUS

BERLÍN, SINFONÍA DUNHA GRAN CIDADE

(Walter Ruttmann, 1927)

Pegasus é una reunión de virtuosos do jazz-rock e o rock progresivo, catro músicos moi experimentados que teñen actuado, entre moitos outros lugares no Carnegie Hall, de Nova York. En plena celebración dos seus 30 anos de historia, en 2011, recuperaron e puxeron ao día unha vella e estimulante aventura: a proxección da película alemana: *Berlín, sinfonía dunha gran cidade*, de Walter Ruttmann, para a que eles crearon una estimulante banda sonora que interpretan en directo

Pegasus é una reunión de virtuosos do jazz-rock e o rock progresivo que obtuvo unha notable popularidade hai anos con composicións instrumentais con liñas melódicas diáfanas e sentido da experimentación. O grupo naceu en 1981 da unión de catro músicos moi experimentados: Santi Arisa, Rafael Escoté, Josep Mas Kitflus e Max Sunyer. O grupo fixo numerosas xiras internacionais e, entre outros lugares, actuou no Montreaux Jazz Festival e no Carnegie Hall, de Nova York. O grupo volveu aos escenarios en 2007, tras uns anos separados, e entre outras propostas replantexaron técnica e artisticamente esta banda sonora en directo, que presentaran orixinariamente en 1986 por encarga dos directores da Setmana Internacional de Cinema de Barcelona. O film *Berlín, sinfonía de una gran ciudad* describe un día no Berlín de 1927 a través dunha sucesión de imaxes da vida cotidiana rodadas de xeito innovador e moderno para aqueles anos.

Ficha músico:

Composición e interpretación: **Pegasus** Pegasus son: **Josep Mas "Kitflus"** (teclados), **Max Sunyer** (guitarra), **Rafael Escoté** (baixo), **Santi Arisa** (batería), **Dan Arisa** (percusión)

Ficha técnica da película

Título orixinario: **Berlin - Die Symphonie der Großstadt** Ano: **1927**
Duración: **62 min.** País: **Alemaña** Director: **Walter Ruttmann** Guión: **Karl Freund, Carl Mayer** Fotografía: **Robert Baberske, Karl Freund, Reimar Kuntze, László Schäffer (B&W)** Reparto: **Documentary**
Produtora: **Deutsche Vereins-Film** Xénero: **Documental | Expresionismo alemán**

Sinopsis:

Inspirado no documental soviético "Kino-Nedelia" (1918) de Dziga Vertov, Ruttmann realizou en 1927, contando cos mellores fotógrafos alemáns da época, un documental baseado na vida, durante un día, da cidade de Berlín.





11.03.17 | 21:00 h

JORDI SABATÉS (piano)

SHERLOCK JR

(de Buster Keaton, 1924)

O pianista e compositor Jordi Sabatés interpreta en directo a banda musical que creou para a película “Sherlock Jr.” (1924) de Buster Keaton, título que se coñeceu en España como “O moderno Sherlock Holmes”, unha das xoias pouco coñecidas da filmografía do actor e director norteamericano e un dos cumes do cinema silente. Película de culto entre os surrealistas, é un fascinante xogo de espellos onde por primeira vez móstrase a maxia do cine dentro do cine. Sabatés ofrécenos unha simbiosis perfecta de cine e música

Jordi Sabatés (Barcelona 1948) é un dos músicos máis polifacéticos e iconoclastas que deu a escena musical española cunha carreira de máis de corenta anos ás súas costas. Sabatés combinou ao longo da súa carreira propostas musicais de todos os tipos de xéneros e estilos, do jazz ao rock pasando pola canción, o lied, cancións sobre textos dos trovadores provenzaes, a música de cámara e a sinfónica, cun grado de calidade e excelencia que o fixo valedor dun crédito internacional que moitas veces non tivo a resonancia desexada portas adentro.

Ten feito dúos cun Tete Montoliu e Chick Corea, creou músicas creadas para clásicos do cinema silente como o “ Sherlock Jr.” de Keaton que presentará en Ferrol e espectáculos nos que conviven maxia, cine e música. Jordi Sabatés é un creador único e excepcional.

Ficha músico:

Composición e interpretación: **Jordi Sabatés** (Piano)

Ficha técnica da película

Título original: **Sherlock Jr.** Ano: **1924** Duración: **45 min.**

País: **Estados Unidos** Director: **Buster Keaton** Guión: **Clyde Bruckman, Jean Havez, Joseph Mitchell**

Fotografía: **Elgin Lessley, Byron Houck (B&W)** Reparto: **Buster Keaton, Kathryn McGuire, Joe Keaton, Ward Crane, Erwin Connelly, Jane Connelly**

Productora: **Buster Keaton Productions** Xénero:

Comedia

Sinopsis:

Película sobre o mundo do cine, Keaton é un proyeccionista que soña con ser un detective cando, milagrosamente, atópase dentro da película que está proxectando. Alí intentará salvar á súa amada das garras do villano. Unha das máis aclamadas cintas de cine mudo chea de gags visuales e cun portentoso Buster Keaton.





28.04.17 | 21:00 h

CASPERVEK TRIO

THE KID

(Charles Chaplin)

Caspervek Trio é unha agrupación instrumental formada en Vigo en 2013 que trata de achegar a música a distintas disciplinas artísticas, conxugando elementos visuais e sonoros. Caspervek se ten consolidado como unha das bandas punteiras na composición e musicalización de películas do legado silente. A formación clásica dos compoñentes do grupo e a utilización de recursos do jazz, o minimalismo, a música electrónica ou o folk, conforman a paisaxe sonora deste trío

A primeira longametraxe de Chaplin como director, "The Kid" é unha comedia dramática sobre un neno abandonado e un vagabundo que se fan amigos nas rúas dunha cidade norteamericana; unha intelixente combinación de elementos dramáticos e cómicos. A película converteu a Jackie Coogan (o neno), por aquel entón un artista de vodevil, na maior estrela infantil da época. Moitos biógrafos de Chaplin atribuíron a especial relación dos personaxes na cinta co feito de que Chaplin perdesse a un fillo moi pequeno pouco antes de comezar a rodaxe. Así mesmo, o retrato de pobreza e a crueldade dos traballadores sociais son reminiscencias directas da infancia de Chaplin en Londres. Caspervek estudou tanto a música orixinal como a nova partitura de Chaplin para a reedición de 1971 para crear unha nova aproximación á película que combina varios xéneros do jazz e a música lixeira coa tradición Romántica.

Ficha músicos:

Composición e interpretación: **Caspervek Trío** Caspervek trío son: **Brais González** (piano, guitarra), **Blas Castañer** (percusión), **Eduards Vecbaštiks** (violín)

Ficha técnica da película

Título orixinario: **The Kid** Ano: **1921** Duración: **68 min.** País: **Estados Unidos** Director: **Charles Chaplin** Guión: **Charles Chaplin** Fotografía: **Rollie Totheroh (B&W)** Reparto: **Charles Chaplin, Jackie Coogan, Edna Purviance, Carl Miller, Tom Wilson, Henry Bergman, Lita Grey** Productora: **Charles Chaplin Productions / First National Picture** Xénero: **Comedia./Drama**

Sinopse:

Unha muller de escasos recursos (Edna Purviance), ten un fillo de solteira, e ao sentirse abandonada polo pai do neno decide tamén ela abandonar ao bebé coa esperanza de que unha familia rica o tome en adopción. Pero o pequeno rematará nas mans dun vagabundo (Charles Chaplin)... será toda unha aventura.

